

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de setembro de 2010 pola que se resolve a Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Orde do 26 de maio de 2010 (DOG do 1 de xuño) convocou as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia do ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva.

Rematada a tramitación establecida na convocatoria, de acordo co establecido no artigo 7 da orde de convocatoria, e atendendo o informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles aos seguintes profesores-investigadores do sistema universitario de Galicia as axudas que a continuación se relacionan para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia para o ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva, e na contía que se indica en cada caso.

a) Modalidade de grupos de referencia competitiva: axudas para as anualidades de 2010, 2011 e 2012, polos seguintes importes e coa distribución de Feder e fondos propios libres que se indican:

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
2010/18	Alonso Fernández, M ^a José	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/22	Bermúdez de Castro López-Varela, Alfredo	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/10	Botana López, Luis Miguel	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/80	Caballero Rúa, Armando	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/26	Carracedo Álvarez, Ángel M ^a	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/12	Castedo Expósito, Luis	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/02	Cela Torrijos, Rafael	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/28	Díaz Bruguera, Javier	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/06	Doallo Biempica, Ramón	UDC	56.000 €	27.440	28.560
2010/57	Durán Escribano, Ignacio	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/31	Fernández Prieto, Lourenzo	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/81	Gómez Gesteira, Ramón	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/34	González Manteiga, Wenceslao	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/37	Lema Rodicio, Juan M.	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/83	León Fong, Betty Mireya	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/84	Liz Marzán, Luis Manuel	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/41	López Quintela, Manuel Arturo	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/61	Miramontes Antas, José Luis	USC	56.000 €	27.440	28.560

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
2010/85	Pérez González, Fernando	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/52	Prada Rodríguez, Darío	UDC	56.000 €	27.440	28.560
2010/17	Rodríguez Brisaboa, Nieves	UDC	56.000 €	27.440	28.560
2010/86	Rodríguez de Lera, Ángel	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/15	Sousa Fernández, Xulio	USC	56.000 €	27.440	28.560
2010/87	Vázquez Otero, M ^a Elsa	UVIGO	56.000 €	27.440	28.560
2010/65	Vidal Costa, Félix	USC	56.000 €	27.440	28.560

b) Modalidade de grupos emerxentes promovidos por investigadores mozos: axudas para as anualidades de 2010, 2011 e 2012, polos seguintes importes e coa distribución de Feder e fondos propios libres que se indican:

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
2010/14	Nogueiras Pozo, Rubén	USC	30.000 €	14.700	15.300
2010/78	Salgueiriño Maceira, Verónica	UVIGO	30.000 €	14.700	15.300
2010/50	Taboada Antelo, Pablo	USC	30.000 €	14.700	15.300

c) Modalidade de redes de investigación: axudas para as anualidades de 2010 e 2011, polos seguintes importes e coa distribución de Feder e fondos propios libres que se indican:

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía anual	Feder	FPL
2010/56	Díaz Fernández, Fernando	USC	60.000 €	29.400	30.600
2010/53	Doallo Biempica, Ramón	UDC	60.000 €	29.400	30.600
2010/67	Fariña Rivera, Francisca	UVIGO	60.000 €	29.400	30.600
2010/43	Loza García, M ^a Isabel	USC	60.000 €	29.400	30.600
2010/90	Posada González, David	UVIGO	60.000 €	29.400	30.600

Segundo.-As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro.-Nas tres modalidades de axuda, a subvención será librada a través da universidade a que pertenza o solicitante, conforme o plan de necesidades do proxecto subvencionado e de acordo coa normativa vixente.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 15 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento xunto cunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede. Ademais, cando a axuda teña cofinanciación de Feder, a universidade correspondente deberá chegar nesa mesma data límite os documentos xustificativos dos gastos e dos pagamentos.

En cumprimento da normativa relativa ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, as universidades deberán manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionados coa axuda que facilite a pista de auditoría. Ademais, deberán con-

servar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo, tal como se define no artigo 89.3º do Regulamento 1083/2006 do Consello. Os gastos deberán xustificarse con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e os pagamentos mediante certificación expedida pola universidade correspondente na que conste a data de pagamento.

Segundo o establecido no artigo 45.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Cuarto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Quinto.-Dado que os pagamentos das anualidades se realizan co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos de publicidade que establece o artigo 8 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro, cumprir tamén o establecido no Regulamento 1083/2006, polo que se que establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo de Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e no Regulamento 1080/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como cumprir os requisitos de xustificación que establece esa mesma normativa.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da

Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 7 de setembro de 2010 pola que se resolve a convocatoria de subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2010.

Cumpridos os trámites establecidos no artigo 9 da orde desta consellería do 17 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo) pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar a relación de subvencións concedidas, de acordo co artigo 12 da orde de convocatoria, para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia segundo figura no anexo.

Segundo.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria